

Felicitación da presidenta da Deputación, Carmela Silva, polo 30 aniversario da Asociación Galega de Billar Pool

Cangas reunirá as dúas primeiras fins de semana de setembro a elite do billar galego e nacional. Máis dun millar de deportistas visitarán a provincia de Pontevedra para participar no XXX Campionato Galego de Billar Pool, o máis multitudinario de Europa e que coincide co trixésimo aniversario da Asociación Galega de Billar Pool, a responsable en gran medida dos innumerables títulos chegados a Galicia durante as tres últimas décadas e a encargada de enviar a competicións por todo o mundo a representantes da nosa terra.

Non podía deixar pasar esta inmejorable ocasión para felicitarvos polo voso aniversario e, sobre todo, pola encomiable tarefa que desempeñades de forma discreta dándolles soporte ás persoas que practican este deporte e alentando o talento local en cada unha das comarcas da comunidade.

Son consciente dos milleiros de persoas afeccionadas ao billar pool e da canteira que estades axudando a formar. Sen o traballo da asociación sería impensable que Galicia chegase ao punto no que está, considerada unha potencia neste deporte a nivel nacional e da que xurdiron importantes campións nos últimos anos.

Felicítovos polo traballo ben feito e pola profesionalidade demostrada de forma inequívoca coa organización dun campionato que arrancaba en 1993 con apenas unha trintena de participantes e que este vindeiro mes traerá ás Rías Baixas a máis dun millar de xogadoras e xogadores.

O salto que destes foi espectacular e é unha honra para a Deputación de Pontevedra acompañarvos nesta viaxe non exenta de desafíos. Parabéns por estes trinta anos de traballo a prol do billar pool galego e por consolidardes unha importante canteira que con toda seguridade nos seguirá a dar grandes alegrías en campionatos dentro e fóra da casa.